



**ORDENANZA FISCAL Nº 5
REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO**

Artigo 1.- Fundamento e natureza.-

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDLex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa por recollida de lixo", que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 57 do citado RDLex 2/2004.

Artigo 2.- Feito imponible.-

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos no Concello de Camariñas procedentes de vivendas e establecementos comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou doutros usos, que estean en condicións de habitabilidade ou utilización e con independencia de que sexan ou non efectivamente habitados ou utilizados.

2. Para estes efectos, enténdense como lixo e residuos sólidos urbanos, os xerados nos lugares citados no apartado anterior que non estean incluídos na categoría de tóxicos ou perigosos pola lexislación sectorial aplicable ou requiran a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade..

3. Non está suxeita á Taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non calificados de domiciliarios, e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de entullos de obras.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.-

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables.-

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refieren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas e entidades sinaladas no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Exencións.-

Gozarán de exención aqueles contribuíntes pertencentes a núcleos familiares beneficiarios da Renta de Integración Social de Galicia (RISGA).



Artigo 6.- Cota Tributaria.-

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determina en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto aplicarásese a seguinte Tarifa:

<u>Conceptos</u>	<u>Euros</u>
Vivendas	60,00
Tabernas, bares, obradoiros, carnicerías, pescaderías e pequeno comercio en xeral	120,00
Cafeterías, espectáculos, salas de festa, discotecas e análogos, entidades bancarias e aseguradoras, asesorías, xestorías e gasoleiras	150,00
Comercio de froitas e verduras, alimentación e ultramarinos, restaurantes e aloxamentos	210,00
Supermercados e grandes establecementos comerciais ou industriais	903,00

3. As cotas sinaladas na anterior tarifa son de carácter anual.

Artigo 7.- Devengo.-

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir desde o momento en que se inicie a prestación do servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento este servizo nas rúas ou lugares onde se ubiquen as vivendas ou locais usados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.

2. Establecido e en funcionamento o servizo, as cotas devengaránse o primeiro de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural, agás nos casos de inicio ou cese no uso do servizo, nos que o período impositivo se axustará a dita circunstancia, prorrateándose a cota correspondente por trimestres naturais.

Artigo 8.- Declaración e Ingreso.-

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota correspondente. Pasado dito prazo sen presenta-la declaración, a Administración, sen prexuízo das sancións que procedan, efectuará de oficio a alta na matrícula do tributo.

2. O tributo recadarásese anualmente nos prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación para os tributos de notificación colectiva e periódica, agás que, para un exercicio en concreto o Pleno Municipal dispoña outra cousa. Por excepción a liquidación correspondente á alta inicial na matrícula se ingresará nos prazos indicados no citado Regulamento para os ingresos directos.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarásese ó disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día dezasete de outubro de dous mil oito, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de dous mil oito, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa".-.

O ALCALDE,

A SECRETARIA,